



EXPDTE	SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL (CES) DO 16.02.2017.	01/2017
TRÁMITE	Borrador da acta.	

Na Sala de Xuntas da sede do Concello de Pontevedra, sita na rúa Michelena nº 30, sendo as 19.15 horas do día referido, reúnen-se as persoas que se sinalan, baixo a Presidencia que se precisa, co fin de proceder á celebración de sesión segundo orde do día previamente notificado.

Presidencia	D ^a . María Carme da Silva Méndez, en canto Vicepresidenta.
-------------	--

AEMPE	D. José M ^a Corujo Seguido
Cámara Oficial de Comercio, industria e navegación	D. Eduardo Barros Pereira
Fundación Galicia Obra Social ¹	D ^a Gloria Rodríguez López.

Grupo municipal BNG	D ^a Anabel Gulías Torreira
Grupo municipal PP	D. César Alberto Abal González
Grupo municipal PSdG-PSOE	D. Iván Puentes Rivera
Grupo municipal MaPo	D. Luis Rei Núñez
Grupo municipal Mixto (C's)	D. Manuel Pena Gestido

Xunta de Galicia: Departamento territorial da Consellería de Economía e Industria ²	Escusa a súa asistencia por correo electrónico.
Vicereitorado da Universidade de Vigo	Non asiste representante.
Federación da AA.VV. Castelao	D. Juan M. Loureiro Taibo

Confederación Intersindical Galega (CIG)	Non asiste representante.
Unión Xeral de Traballadores (UXT)	D ^a M ^a Teresa Filgueira Prol.
Comisións Obreiras (CC.OO.)	D. Antonio Millares Jorge

Fundación Juan XXIII	D. Diego Chapela Portela.
----------------------	---------------------------

Polo Vicereitorado da Universidade de Vigo asiste o Sr. D. Pedro Figueroa Dorrego para explicar o informe socio económico de 2015 efectuado polo Observatorio Urbano, segundo anuncia a Presidencia.

- Secretario: José Luis Mato Rodríguez.

¹ En canto entidade substituta da Caixa Pontevedra ou entidade que resulte da súa fusión con Caixa Vigo-Caixa Ourense, segundo os decretos de convocatoria que se veñen efectuando.

² Segundo os decretos de convocatoria: "O Delegado Provincial da Consellería da Xunta de Galicia que teña conferidas as competencias en materia de promoción económica e emprego será a persoa designada pola Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra".

Cuestións previas.

Pola **Presidencia**, antes de dar comezo ao tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, solicítase dos presentes o seu consentimento para comunicarlle á Universidade de Vigo, e a aqueles terceiros que poidan ter unha relación oficial e directa co propio CES, os enderezos de correos electrónicos dos que dispón o Concello, para que se poidan pór en contacto.

Os membros presentes do Consello autorizan a petición da Presidencia.

Por outra banda, anúnciase tamén pola Presidencia que se está a intentar pór en marcha os procedementos electrónicos, como chegarán a ser as actas en soportes audiovisuais e as notificacións electrónicas das convocatorias. Neste sentido, por esta **Secretaría** solicítase dos presentes que comproben os correos electrónicos facilitados, xa que nos mesmos se efectuarán os avisos de posta a disposición das convocatorias, borradores das actas das sesións anteriores, e mesmo a documentación que poda ser facilitada, para que podan acceder a eles na sede electrónica.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión extraordinaria de 09.11.2016.

Solicita o Sr. Chapela Portela que onde figura, entre os asistentes, “Federación Juan XXI-II” pase a recollese “Fundación Juan XXIII”.

Con esta rectificación resulta aprobado o borrador da acta da sesión por unanimidade dos presentes.

3. Información sobre o observatorio urbano.

A petición da **Presidencia** cámbiase a orde do día, pola presenza do Sr. Figueroa que acudiu expresamente para expor este punto.

Fai unha pequena introdución a Sra. **Gulías** sobre a orixe e razón do Observatorio. Expón que o informe da Universidade publicouse na web municipal cando se recibiu, e se enviou enlace a cada un dos membros do CES. Aposta por esta experiencia, que tense a intención de repetir, e ábrese a suxestións para vindeiras ocasións, manifesta. De seguido, dálle a palabra ao Sr. Figueroa Dorrego.

Fai uso, polo tanto, da palabra o Sr. **Figueroa**, quen fai unha explicación do informe elaborado pola Universidade a través dunha presentación informática. Advirte de que se trata de información, non de diagnose, xa que esta última a fai cada axente social. Copia desta presentación engádese ao expediente desta sesión. Apunta a falta de información acadable nos eidos da educación e saúde, o que se reflicte no informe.

***INCIDENCIAS:** No curso da explicación do Sr. Figueroa, e sendo as 19:25 h., incorpórase á sesión o Sr. Rei Núñez.

Continúa o Sr. **Figueroa** xustificando a utilidade do traballo como información ou recurso que lle pode servir aos axentes sociais para a toma de decisións nos seus respectivos ámbitos. Engade que nin a Xunta, nin a Deputación facilitaron a información que se lles pediu.

Pregunta o Sr. **Corujo** se os datos demográficos non poderían obterse do Concello, que dispón das baixas a consecuencia da comunicación dos traslados.

Contéstase polo Sr. **Figueroa** que se intentará.

Intervén a Sra. **Rodríguez López** para apuntar cómo a obtención dos datos ás veces non



é doada, polo traballo que supón a súa xestión e tratamento.

Nesta liña a **Presidencia** sinala que se o Instituto galego de Estatística non dispón deles é que non son fáciles de obter. Isto suporía o traballo de ir directamente á fonte e tratalos, o que supera a capacidade do Concello.

Suxire o Sr. **Loureiro** que a Consellería de Educación recolocou efectivos sobre maio, en atención a centros e número de alumnos, o que pode ser un bo indicativo. Apunta tamén aos sindicatos do ensino cos datos que poderían aportar.

Agradece estas aportacións o Sr. **Figueroa** e pide que se lle dirixan ao seu enderezo.

Considera o Sr. **Abal** que a cualificación do posicionamento como medio/alto do concello non está demasiado fundada, xa que precisaría de moitos máis indicadores.

Matiza o Sr. **Figueroa** que esa circunstancia se advirte expresamente.

Agradece o traballo o Sr. **Millares**, pero entende que sería aconsellable incluír a outras zonas da comarca.

***INCIDENCIAS.** Neste momento, sendo as 20:00 h. escúsase o Sr. Loureiro e abandona a sesión.

Prodúcese un pequeno debate entre os presentes respecto da posibilidade de abarcar a información por comarcas, precisando o Sr. **Dorrego** que nese caso a súa obtención sería máis complicada, incrementando os gastos e non podendo comprometerse de momento. O primeiro punto sería, pois, aclarar o alcance do traballo.

Agradecen os presentes o traballo ao Sr. Figueroa.

Engade o Sr. **Abal** se a propia Universidade non podería facer suxestións ao Concello sobre o posibles traballos neste eido.

Apunta o Sr. **Figueroa** que aínda non se está nin sequera na fase inicial.

Manifesta a Sra. **Gulías** que están de acordo en seguir co Observatorio, se ben a nivel oficial non pode comprometerse.

En todo caso, o Consello, e así se manifesta por asentimento, amósase conforme con que se continuase co labor do Observatorio.

Abandona finalmente a sesión o Sr. **Figueroa**, sendo as 20:07 h., non sen antes reiterar a solicitude de suxestións por parte dos presentes.

2. Información sobre os Fondos de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (DUSI).

Explica a **Presidencia** que de momento non pode dar demasiada información, xa que hai pouco tempo rematou o prazo para remitir a documentación esixida pola normativa específica (nomeadamente o “Manual de Procedemento” e “Manual antifraude”), cuxa cumprimentación demandou dun importante traballo administrativo e da empresa consultora. Espera que neste mes se declare ao Concello “Autoridade xestora intermedia- lixeira”.

Engade que é importante prever unha “sobreexecución” de proxectos, xa que se algunhas

outras entidades subvencionadas non acadan os seus obxectivos as cantidades poderían aproveitar ao resto. Esta sobreexecución tamén é importante por se algún dos proxectos iniciais puidese devir en inexecutable (por dificultades imprevistas nas obras, p.ex.).

Manifesta cómo a redefinición das liñas de actuación efectuouse mediante a minoración proporcional de cada unha delas.

Engade que nestes días comunicaranse as “normas de elixibilidade”.

Entende o Sr. **Abal** que tal diminución proporcional debeu debaterse no propio CES.

Contéstase pola **Presidencia** que non se “tocou” a estratexia, que foi o que se valorou para a obtención da subvención. A partir de agora será cando se empecen a decidir actuacións, podendo redefinirse n 2018, se ben o peso das TIC debe seguir sendo de o 25% cando menos. Os prazos “eran aceleradísimos”, apunta, e tempo haberá para falar dos proxectos ou iniciativas, expón.

Finalmente, manifesta, intentarase que as vindeiras convocatorias do CES se anuncien con maior antelación, a petición dalgúns dos seus membros.

E sen máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por levantada a sesión, sendo as 21:19 h. do día indicado.

Pontevedra,
O SECRETARIO

Vº e PRACE, A PRESIDENTA